

Administración de GNU/Linux

Índice

Usuarios.....	1
Xestión de usuarios.....	2
Configuración de impresora.....	2
Instalar impresora.....	2
Instalar impresora PDF.....	3
Compartir carpetas na rede.....	3
Navegar pola rede.....	3
Actualización e repositorios.....	4
Actualizacións.....	4
Repositorios.....	4
Instalación de aplicacións.....	4
Instalación de aplicacións co "Centro de software".....	5
Instalación de aplicacións co xestor de paquetes Synaptic.....	5
Instalar paquetes de aplicacións. Deb.....	6
Instalar dende o Terminal.....	6
Comandos instalación:.....	6

Usuarios

En linux hai dous tipos de usuarios:

- O usuario 'root'.
 - Tamén chamado superusuario ou administrador.
 - É a única conta de usuario con privilexios sobre todo o sistema.
 - Acceso total a todos os arquivos e directorios con independencia de propietarios e permisos.
 - Controla a administración de contas de usuarios.
 - Executa tarefas de mantemento do sistema.
 - Instala software no sistema.
 - ...
- Usuarios normais.
 - Úsanse para usuarios individuais.
 - Cada usuario dispón de un directorio de traballo, xeralmente en /home.
 - Cada usuario pode personalizar o seu entorno de traballo.
 - Soamente teñen privilexios completos no seu directorio de traballo o HOME.
 - Por seguridade, é mellor traballar como un usuario normal, e cando se requira facer as tarefas como root.

Algunha distribución permite crear usuarios que sexan administradores do sistema e non sexa necesario empregar o usuario root, por iso nestas distribucións o root non está activo cando se instala o sistema. En calquera momento o administrador pode activar o root.

Cada usuario ten, entre outros, os seguintes parámetros:



- **Carpeta persoal:** Por defecto unha carpeta en */home* co nome do usuario
- **Grupo primario:** Por defecto un grupo co mesmo nome que o usuario.
- **Grupo secundario:** Un usuario pode pertencer a varios grupos secundarios

Xestión de usuarios

Sistema > Administración > Usuarios e Grupos

Na xestión de usuarios e grupos pódense:

- Engadir un novo usuario.
 - Premendo **Engadir Usuario**, isto abrirá o *Editor de Contas de Usuario*. Os requisitos mínimos son o Nome de usuario e o contrasinal.
 - Na pestanexa Privilexios de Usuario, engádense os privilexios aos que o usuario terá acceso, como por exemplo usar dispositivos de son.
 - Tamén se pode especificar ou modificar o nome real, ubicación da oficina, teléfono de traballo, teléfono de casa, grupo principal, directorio persoal, grupos secundarios,
- modificar un usuario existente
- borrar un usuario existente
- engadir un grupo novo
- modificar un grupo existente
- borrar un grupo existente



Configuración de impresora.

Instalar impresora.


Para instalar impresoras, tanto locais (conectadas ao equipo), como en rede hai que seguir a seguinte secuencia:

Sistema->Administración->Impresoras, logo seleccione **Impresora->Engadir impresora**

Ubuntu utiliza o sistema 'Common UNIX Printing System' ("CUPS") para xestionar as impresoras.

A configuración e xestión de impresoras CUPS manexase dende a utilidade Administrar Impresoras iniciada desde o menú Gnome - **Sistema -> Administración -> Impresoras**.

Cando se preme '+Engadir' o sistema detecta as impresoras conectadas ao equipo.



Para compartir a impresora faise clic co botón dereito do rato enriba da icona e escollese a opción **Compartida**. Despois na barra de menús, faise clic en Servidor → **Configuración** e marcarse a casilla de verificación da opción **Publicar impresoras compartidas conectadas a este sistema**.

Instalar impresora PDF.

Ainda que en Linux moitas das aplicacións xa permiten exportar a PDF, sempre é interesante dispor de unha impresora virtual PDF, que permite converter calquera documento nun arquivo PDF.

Para instalar a impresora de PDF accedese ao Centro de software, dentro do menú Aplicativos, localízase o paquete “PDF printer for CUPS” e premese sobre o botón Instalar.

Compartir carpetas na rede.

O software que se emprega para compartir cartafolés é:

- **NFS**, para redes Linux
- **Samba**, para redes nas que conviven Linux e Windows.

Para compartir cartafolés hai que seguir os seguintes pasos:

- Faise clic co botón dereito do rato enriba do cartafol, e escollese no menú emerxente a opción **Opcións de compartición**.
- Marcase a casilla de verificación **Compartir este cartafol**, e pódese deixarlle o mesmo nome, ou porlle outro nome co que se quere mostrar.
 - a opción **Permitir a outras persoas escribir neste cartafol** da permisos para que outras persoas poidan escribir nela e modificala. Se non se marca esta opción só se da permiso de lectura.
 - A opción de **Acceso de invitado**, permite que usuarios ocasionais que non teñen conta persoal no sistema poidan tamén acceder a ese cartafol.
- En caso de que non esteña instalado o software, cando se intente compartir un cartafol o sistema pedirá permiso para instalalo.



Navegar pola rede.

Para navegar pola rede, hai que ir ao menú **Lugares**→**Rede**, e aparecerá:

- Unha icona da **Rede de Windows** dentro da cal aparecen os computadores con Windows.
- Os equipos con Linux
- Agora facendo dobre clic nun computador, e veranse os cartafolés compartidos nese PC.



Actualización e repositorios.

Actualizacións.

Os creadores do sistema operativo crean actualizacións que corríxen erros de software, introducen melloras na seguridade, corríxen outros problemas, etc

Cando hai actualizacións dispoñibles, a icona de actualización (unha estrela laranxa) aparece no panel é xeralmente na parte superior dereita da pantalla. As actualizacións tenas que facer o administrador co ordenador conectado a Internet:

- Faise clic na icona Actualización e introdúcese o contrasinal de administrador cando se solicite.
- Na xanela do Xestor de Actualizacións, premese en Instalar actualizacións.
- O proceso de actualización pode tomar algún tempo dependendo do número de actualizacións a ser instaladas.

Para comprobar as actualizacións manualmente, vaise ao menú Sistema → Administración → Xestor de actualización.

Repositorios.

Os repositorios son lugares de internet onde se atopan as aplicacións a instalar, pero hai que ter en conta que son distintos para cada distribución. Os repositorios poden ser da distribución, de aplicacións, ..


O sistema operativo xa trae os repositorios propios da distribución, pero pódense engadir mais. O proceso a seguir é o seguinte:

- Accédese ao xestor de paquetes Synaptic (**Sistema → Administración → Xestor de paquetes Synaptic**) e no menú 'configuración' prémese 'Repositorios'
- Ábrese a xanela 'Fontes de Software', na que aparecen vaías pestanas, elíxese a de 'outro software' e cando se preme 'Engadir' manda introducir a 'liña ATP ...', que ademais indica que ten a forma 'deb http...'. Esa liña búscase en internet, copíase e pégase.

Instalación de aplicacións.

Hai varias maneiras de instalar aplicacións en Linux (debian):


- Dende o Centro de software, na que se poden ver as aplicacións clasificadas por categorías.
- Dende o Xestor de paquetes Synaptic, no que se poden ver os paquetes ordeados por nome.
- Paquetes debian descargados de internet.
- Dende o terminal.



Instalación de aplicacións co "Centro de software"

Para engadir unha aplicación con este método, accédese ao centro de software do menú aplicativos.


- As aplicacións están ordeadas por categorías, de maneira que cando se selecciona unha categoría, móstranse as aplicacións.
- Cando se selecciona unha aplicación pódese ver unha descrición da aplicación, premendo 'mais información'
- Para instalar, prémese 'Instalar'. Se xa está instalada, aparece o botón 'Eliminar'.



Instalación de aplicacións co xestor de paquetes Synaptic

Para abrir o *Xestor de paquetes Synaptic* premese en **Sistema** → **Administración** → **Xestor de paquetes Synaptic**.

- Os paquetes a instalar poden ter dependencias (paquetes que se necesitan para que funcione o paquete a instalar). Tamén pode ocorrer que reemprace outros paquetes, e por tanto se eliminen. O xestor encárgase de comprobar todo isto é marcar as operacións necesarias.
- Unha vez seleccionado un paquete, aparece unha pequena descrición. Se se preme co botón dereito aparece un menú emerxente no que se pode 'Marcar para instalar' (no caso de que xa estivera instalado permitiría desinstalar ou actualizar). A continuación aparece outra xanela indicando os paquetes que se instalan ou eliminan.
- Cando xa se marcaron os paquetes a instalar hai que premer no botón 'Aplicar' que aparecerá activo.



Instalar paquetes de aplicaciones. Deb

Ainda que a maioría das aplicacións para Linux se poden instalar dende os repositorios, existen aplicacións que se poden descargar empaquetadas (listas para ser instaladas) para as distintas distribucións.

Descargase o paquete 'debian' de Internet ca aplicación a instalar, e unha vez descargado faise dobre clic sobre o paquete, e aparece o instalador de paquetes. Prémese o botón 'instalar el paquete', e iniciase a instalación.

Pode ocorrer que se deba instalar antes algún paquete, nese caso indícase na xanela, e non estará activo o botón 'instalar o paquete'.



Instalar dende o Terminal.

Se se busca en internet como instalar unha aplicación de Linux, moitas veces aparece como se instala dende a liña de comandos. Ainda que non se coñezan os comandos non hai problema, xa que basta con escribir os comandos como indica no terminal.

Para proceder á instalación, ábrese o terminal (**Aplicativos** → **Accesorios** → **Terminal**), e para non ter que escribir os comandos seleccionase no navegador web e copiase (Ctrl+C), logo vaise ao terminal e no menú 'edición' seleccionase 'pegar' (Ctrl+V non funciona no terminal)

Comandos instalación:

sudo : Executa un comando como usuario raíz ("root")

dpkg: Ferramenta de nivel medio para instalar, construír, borrar e xestionar os paquetes de Debian

- `$ sudo dpkg -i <paquete>.deb`

apt: Ferramenta Avanzada de Empaquetamento (Advanced Packaging Tool) que xestiona o sistema de paquetes de Debian instalando, desinstalando, actualizando e configurando os mesmos.

- Actualizar a lista de paquetes dos nosos repositorios: `# apt-get update`
- Buscar un paquete en los repositorios: `# apt-cache search nome_do_paquete`
- Instalar un paquete de los repositorios: `# apt-get install nome_do_paquete`
- Eliminar un paquete: `# apt-get remove nome_do_paquete`

aptitude: Xestor de paquetes con algunhas melloras con respecto a apt.

- Instalar paquetes: `$ sudo aptitude install <paquetes>`
- Desinstalar paquetes: `$ sudo aptitude remove <paquetes>`
- Actualizar a lista de paquetes dispoñibles: `$ sudo aptitude update`
- Actualizar o sistema cas actualizacións de paquetes dispoñibles: `$ sudo aptitude upgrade`